

OFERTA PARA A ADSCRIPCIÓN EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TRABALLO DE UNIDADE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E RÉXIME INTERIOR, Nº 11 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE

Por estar previsto o cese do titular do posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior, (nº 11 da Relación de Postos de Traballo da Institución da Valedora do Pobo), con data do 30 de decembro de 2022, e vista a proposta da Xefa do Servizo de Administración e Persoal, a Valedora do Pobo con data do 9 de decembro de 2022, resolveu:

Primeiro: Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e por prazo dun ano, sen prexuízo da súa cobertura ordinaria con anterioridade, ou da súa prórroga no caso de resultar preciso, do posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (posto nº 11 da Relación de Postos de Traballo da Institución).

Segundo: Publicar na páxina web da Institución a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (número 11 da Relación de Postos de Traballo)
- Requisitos: funcionario/a de carreira Grupo B/C (A2/C1), de calquera Administración pública.
- Nivel: 20
- Complemento específico 22.351, 26 €
- Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos correspondentes ao grupo B/C (A2/C1):
 - Formación e experiencia na tramitación de nóminas, IRPF, seguros sociais, xestión contable (documentos contables, facturas, arqueos, garantías) e elaboración de anteproxecto de orzamentos.
 - Formación e experiencia en xestión de inventarios de bens
 - Formación e experiencia na xestión de seguros de vida e accidentes, plans de pensións, axudas sociais e comisións de servizo do persoal que impliquen desprazamento fora da localidade.
 - Experiencia e coñecementos en materia de xestión de expedientes e rexistro.
 - Experiencia e coñecementos en tecnoloxías da información.

Todos os requisitos relacionados neste apartado deberán posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que será de cinco días hábiles dende a publicación da oferta na web da Institución.

As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo á dirección de correo electrónico registro@valedordopobo.gal, no que debe figurar necesariamente un número de teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico. Non se debe presentar documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, poderán ser solicitados pola Institución si o considera oportuno.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Terceiro: A Valedora do Pobo, unha vez analizados os currículos presentados, ditará resolución de adscrición ao posto en Comisión de servizos, condicionada á concesión da correspondente autorización da súa Administración de orixe.

No caso de non obterse a autorización, ditarase nova resolución de adscrición.

Santiago de Compostela,